

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MULLERES RURAIS DE OURENSE (FEMURO), PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS PARA PROMOVER A POSTA EN MARCHA DE PROCESOS DE AVALIACIÓN E FORMACIÓN PARA O RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA LABORAL QUE PERMITA O ACCESO ÁS BOLSAS DE COIDADO PROFESIONAL EN DESENVOLVEMENTO DO PLAN CORRESPONSABLES

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, modificado polo Decreto 111/2021, do 22 de xullo, a Secretaría Xeral da Igualdade ten atribuídas, entre outras funcións, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, e as funcións de planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de promoción conciliación da vida familiar, laboral e persoal e do fomento da corresponsabilidade entre mulleres e homes no eido persoal, familiar e laboral, así como desenvolver programas dirixidos á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural, e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.

A Comunidade Autónoma de Galicia recoñece, tanto nas leis de igualdade, hoxe recollidas no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, coma na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e na Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, a importancia da corresponsabilidade na vida familiar, particularmente no mantemento, coidado e educación dos fillos e fillas, e comprométese a promover a igualdade de mulleres e homes no acceso ao mundo laboral e na asunción das tarefas familiares, mediante actuacións que procuren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

[SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE](#)

[CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE](#)

1



A Secretaría xeral da Igualdade a través da Resolución da Secretaría de Estado de Igualdad y contra a violencia de género por la que se aprueba la distribución de créditos derivada del acuerdo de conferencia sectorial de fecha 19 de abril de 2021 en el marco del plan corresponsables, é o órgano competente para coordinar e desenvolver o Plan Corresponsables.

No marco dos fondos finalistas asignados á Comunidade Autónoma de Galicia a través de Conferencia Sectorial de Igualdade para o exercicio 2021, incorporados ao orzamento de 2022 encádrase o presente convenio de colaboración coa Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), Federación que ten entre os seus fins o de contribuír á igualdade de oportunidades e o desenvolvemento das mulleres rurais en todos os ámbitos (social, político, económico e social), fomentar a participacións das mulleres e mellorar o benestar social e a súa calidade de vida, así como promover a prestación de servizos sociais nas diferentes áreas de actuacións dos servizos sociais comunitarios.

A Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO) constituíuse o 31 de Marzo de 1998 ao abeiro da reunión celebrada na cidade de Ourense onde por unanimidade acordan a creación dunha Federación de mulleres que dera apoio e visibilidade a todas as asociacións que o precisen. É unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro creada conforme a normativa vixente e que se rixe actualmente, ao abeiro da Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

A Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO) no ano 1998 nace co fin de coordinar a 12 Asociacións de Mulleres Rurais da provincia. Forman parte no ano 1998 desa sesión constitutiva as presidentas de Asociación de mulleres rurais e Consumo "Tres de Maio" de Laza, Asociación de Mulleres rurais Nosa Señora do Portal de Ribadavia, Asociación de Mulleres rurais e de Consumo "Entre nós", Asociación de mulleres rurais "Veracruz" de Carballiño, Asociación de mulleres rurais "San Breixo" de Berán de Leiro, Asociación de mulleres rurais "Adiante" de Cualedro, Asociación de mulleres rurais "San Silvestre" de Paredes, Asociación de mulleres rurais de Castrelo de Miño, Asociación de mulleres rurais "Carqueixa" de Carballiño, Asociación de mulleres rurais "O Salqueiral" de Leiro, Asociación de mulleres rurais "Novas Vivencias" de Carballiño e a Asociación de mulleres rurais de Arnoia.

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

2



Entre os fins da federación figuran a defensa das liberdades, os dereitos e os intereses das mulleres e dos/as menores en calquera situación de desamparo, con especial atención á defensa dos dereitos e liberdades das mulleres con menores a cargo e das mulleres vítimas da trata e explotación sexual, a denuncia expresa de toda discriminación cara á muller e os/as menores polo feito de selo, a defensa e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas. Así mesmo presentan entre as súas finalidades a de promover a igualdade e a eliminación dos estereotipos e roles de xénero e favorecer a igualdade real e efectiva as mulleres de cara á súa en todos os ámbitos e especialmente de cara a súa inserción labora, favorecendo a conciliación laboral e da vida familiar e persoal e o empoderamento, orientación, formación e sensibilización de cara ás mulleres rurais para o desenvolvemento profesional, laboral e persoal, dignificando os traballos realizados polas mulleres no eido dos coidados.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de fomento da conciliación da vida familiar, laboral e persoal, estima polo tanto oportuno asinar un convenio de colaboración con esta entidade Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO) para o financiamento das accións sinaladas, cuxo obxectivo prioritario é desenvolver o Plan Corresponsables.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

3

